

Maria Rosa Losada Suarez, Secretaría Xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 04/09/2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

CONTRATACIÓN:
PRP2024/3225

Con data 14 de xuño de 2024 incoouse expediente de contratación do contrato de subministro dun camión recolector de carga lateral para a recollida e transporte de biorresiduos, sen compactación.

O investimento atópase cofinanciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con cargo a convocatoria de concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOGA nº 112, do 14 de xuño de 2023).

Por resolución da Alcaldía do 11 de xullo de 2024, aprobouse o expediente de contratación, os pregos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, a través do servizo de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

O 21 de xullo de 2024, publicáronse na Plataforma de Contratación o anuncio de licitación, abríndose o prazo de presentación de ofertas, que remataba o 19 de agosto de 2024.

Unha vez rematado o citado prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningún licitador (achégase á presente proposta, xustificación de tal circunstancia extraída do Plataforma de Contratación do Sector Público).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar deserta a licitación denominada “Subministro dun camión recolector de carga lateral para a recollida e transporte de biorresiduos, sen compactación”, ao non presentarse ningún licitador.
- 2.- Publicar o acordo adoptado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o concello de Vilagarcía de Arousa.

E para que conste e produza efectos onde proceda, expido a presente en Vilagarcía de Arousa a 10/09/2024

Sinatura dixitalizada

